

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CORTEGADA PARA O PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN E MELLORA FUNCIONAL DO BALNEARIO DE CORTEGADA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Cortegada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de xuño de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Cortegada para o proxecto de actualización e mellora funcional do balneario de Cortegada.

Coa execución das obras preténdese realizar actuacións para as redistribucións interiores parciais, na planta baixa e zona de piscinas, e a reparación de acabados e mantemento xeral, así como a actualización das instalacións e melloras enerxéticas.

En concreto, este proxecto incluído na ACD Galicia, destino termal de referencia enmárcase no Obxectivo 219 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos , así como no fito 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as Conclusións sobre o



Plan de Recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación («Next Generation EU»), cuxo elemento central é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa a aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision - CID), do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou a Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Segundo.- Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

Do mesmo xeito, no marco da Estratexia de sostibilidade turística en destinos, aprobouse o Plan territorial de sostibilidade turística de vilas termais e cascos históricos de Galicia 2023, que ten como prioridade o impulso do turismo termal sostible en Galicia mediante o fortalecemento e a posta en valor dos seus recursos termais, naturais e culturais, destacando o seu valor como reclamo turístico, promovendo a xestión sostible desde os destinos e potenciando os balnearios do territorio galego como un espazo de



desenvolvemento turístico competitivo cuxa proxección e comercialización acaden o ámbito nacional e internacional.

O dito plan prevé como actuación de cohesión entre destinos (ACD), entre outras, a ACD Galicia, destino termal, que entre os obxectivos previstos persegue mellorar a comercialización e promoción dos balnearios e talasos de Galicia como experiencia turística, incrementando o posicionamento de Galicia como destino turístico no ámbito nacional e internacional neste sector.

Na reunión da comisión bilateral de seguimento do plan de data 24 de outubro de 2025, informouse de que os remanentes das convocatorias publicadas ao abeiro do dito plan, utilizaríanse para financiar proxectos de concellos que tiñan manifestado o seu interese na posibilidade de financiar proxectos en execución.

As actuacións específicas previstas neste Convenio, referenciado na ACD Galicia, destino termal de referencia de acordo co Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 9 de maio de 2023, modificado polo Acordo de 29 de decembro de 2023, son definidas no Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia e financiadas pola Unión Europea - NextGenerationEU, con cargo aos Fondos Europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Compoñente 14– regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Igualmente evidénciase a concorrencia de dificultades razoables para realizar a concesión delas por medio do procedemento ordinario de convocatoria pública, dada a previsión das entidades beneficiarias concretas e definidas. No Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo faise constar o crédito asignado á Comunidade Autónoma de Galicia, 21.235.000 € do plan territorial máis 2.000.000 € do plan nacional, destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais.

Terceiro.- O Balneario de Cortegada, elemento catalogado como ben de interese cultural, é sen lugar a dúbida o enclave de promoción turística do “Medio Miño” máis importante da provincia de Ourense.

A edificación ten a súa orixe no século XIX, coa construción duns stands de madeira desmontables segundo a extensión da época de baño, que estaban situadas na ribeira do



Río Miño e que as crecidas facían trasladar todos os anos.

A constante afluencia de visitantes tanto no período estival como invernal, propiciaron nestes últimos anos actuacións encamiñadas a dotar dunha mellor difusión turística a zona.

A infraestrutura balnearia actual leva operando desde o ano 2015 que foi aberto ao público substituíndo ao antigo balneario inaugurado en 1937, situado ao bordo do encoro.

A finalización recente da concesión administrativa para a súa explotación deixou a instalación bastante esgotada e deteriorada nos seus acabados, instalacións e na súa funcionalidade respecto a os novos usos balnearios.

O Concello de Cortegada pretende realizar actuacións para a redistribución interiores parciais, na planta baixa e zona de piscinas, e a reparación de acabados e mantemento xeral, así como a actualización das instalacións e melloras enerxéticas.

As actuacións previstas son as seguintes:

- Na Zona Colectiva de Piscinas e Circuito Termal, mantéñense as tres piscinas existentes, retirando o acabado de gresite actual, impermeabilizándoas de novo e colocando un novo acabado continuo, modificando a cor azul actual. Tamén se xera no seu perímetro unha nova canalización separada do desaugadoiro para evitar mesturar as augas de limpeza coas de retorno á depuración, solando de novo estas superficies.

O circuito termal que se situaba na planta baixa, nivel superior, á saída dos vestiarios trasládase á planta baixa, nivel inferior, a nivel das piscinas. Colócase este novo circuito termal a ambos os dous lados dos grandes cilindros que dominan ese espazo. No lado esquerdo, segundo se baixa, unha zona de duchas previas a inmersión en piscinas e duchas temáticas, e á dereita as saunas, seca e húmida. Na terraza exterior cuberta mantense a zona de repouso con 17 postos.

- Zona de Ximnasio

Trasládase a zona de ximnasio existente en Planta Soto á Planta Baixa no actual espazo



destinado a facial.

- Zona de Vestiarios

Na actualidade a instalación ten dous pequenos vestiarios idénticos para a zona colectiva e ximnasio. Coa realización das termas exteriores conséguese un aumento do aforo, o que require un redimensionado da zona de vestiarios.

- Zona Nova Cafetería

Na sala da esquerda do circuíto termal, mirando desde a recepción de entrada, que funcionaba como unha zona de acceso restrinxido, faise necesario dotar a esta instalación dunha pequena cafetería, para as esperas e a hidratación e descanso posterior ao baño.

- Zona Complementaria a Termas Exteriores

Coa construción de Termas Exteriores, que se van a localizar na saída do semisoto cara ao espazo natural, cara onde mira o balneario, expónse un espazo complementario interior con área de repouso, duchas previas ao baño e unha terma interior. Tamén é saída ao exterior coa utilización do ascensor e escaleiras interiores.

Cuarto.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia exclusiva en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística das entidades locais promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

